



# BOP

VENRES, 20 DE MARZO DE 2020

N.º 065

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### LOURENZÁ

##### *Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o 11/03/2020 o Presuposto Municipal para o exercicio económico de 2020, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles - que empezará a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas á Sra. Alcaldesa - Presidenta desta Corporación.

Lourenzá, 12 de marzo do 2020.- A ALCALDESA, ROCÍO LÓPEZ GARCÍA.

R. 0652

#### NEGUEIRA DE MUÑIZ

##### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 02.03.2020, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de febreiro de 2020 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 254,26 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 305,40 €.

Por medio do presente expónse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, a 05 de marzo de 2020.- O Alcalde- Presidente, José Manuel Braña Pereda

R. 0637

#### PANTÓN

##### *Anuncio*

O Pleno Municipal, en sesión ordinaria de data 27/02/2020, adoptou o seguinte acordo :

#### **PROPOSTA DE ACORDO EN RELACION CO REXIME RETRIBUTIVO DA SITUACION DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE PANTON**

**PRIMEIRO.-** Aprobado para todo o persoal, funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Pantón, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade , sumando a prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social ou a prestación con cargo do Concello ( funcionarios integrados), alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

**SEGUNDO.-** Aprobado para todo o persoal funcionario ou laboral, ao servizo do Concello de Pantón, que a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha incapacidade temporal,

mediante a esixencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, dende o primeiro día de ausencia .

**TERCEIRO.-** O presente acordo surtirá efectos dende o día seguinte á publicación no boletín oficial da Provincia de Lugo.

Pantón, 9 de marzo de 2020.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0639

## RIBADEO

### *Anuncio*

Faise público que por acordo plenario de data 6 de febreiro de 2020 a Corporación municipal, por unanimidade, prestou aprobación ao seguinte acordo:

#### **ACORDOS SOBRE FORMACIÓN DO PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL.**

#### **NORMAS PARA O ACCESO DO PERSOAL MUNICIPAL ÁS ACCIÓNS FORMATIVAS.**

#### **CAPÍTULO v. DEREITOS E DEBERES**

#### **SECCIÓN 1ª DOS DEREITOS DOS EMPREGADOS DO CONCELLO**

#### **Artigo 38. Dereitos dos traballadores municipais.**

##### **1. Dereitos individuais.**

Os traballadores municipais teñen os seguintes dereitos de carácter individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo: (...)

g) Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.

#### **Artigo 39. Deberes dos traballadores municipais e principios éticos e de conduta (...)**

##### **Principios de conduta. (...)**

8. Manterán actualizada a súa formación e cualificación.

#### **CAPÍTULO XVI. FORMACIÓN**

#### **Artigo 85. Principios xerais.**

O Concello reconece como principio básico da súa política de recursos humanos o valor fundamental da formación continua como eixo fundamental na mellora dos servizos que presta e do dereito individual a progresión profesional dos seus persoal.

A formación constitúe o instrumento esencial da adquisición de novas competencias e permite a mellora da cualificación profesional necesarias para a mellora dos obxectivos de eficiencia, eficacia e calidade que inspiran a actuación pública e da planificación de recursos humanos.

No aspecto individual, constituirá un elemento esencial non so do recoñecemento na carreira profesional se non que servirá de base para a promoción nos supostos que recolle este Convenio.

#### **Artigo 86. Plans de formación.**

1. De xeito xeral o Concello contará como base para a política de formación dun Plan de formación continua, ou establecerá a súa adhesión a plans agrupados que permitan acadar os fins da formación, a tal efecto deberán terse en conta as actividades que con carácter xeral se desenvolven noutras administracións públicas e de xeito especial as da Administración autonómica.

2. O Plan de formación do Concello de existir, ou no suposto da súa participación activa na elaboración doutros plans deberá fixar como mínimo.

- Obxectivos e descrición das accións a desenvolver.
- Ámbito de aplicación do plan e unidades administrativas ás que afecta.
- Colectivo afectado e número de participantes.
- Calendario previsto de execución.
- Custo estimativo das distintas actividades formativas
- Criterios de selección, que garantirán o principio de igualdade.

- Modalidade de xestión das actividades formativas.
- Institución responsable da impartición

#### **Artigo 87. Acceso a formación.**

1. Tódolos empregados do concello de Ribadeo deberán ter a posibilidade de acceder aos plans de formación continua, así como a plans agrupados que engloben a esta administración local.

2. Nos plans de formación recolleranse primordialmente accións de formación que teñan unha alta demanda e que non se solapen con accións xa desenvolvidas ou que poidan ser realizadas noutra administración.

Á vista da regulación recollida no convenio de persoal laboral e acordo regulador de condicións de traballo dos funcionarios, proponse establecer unhas mínimas normas que regulen e garantan o acceso do persoal municipal a accións formativas:

1. O Concello de Ribadeo comprométese a manter unha dotación anual de 3.000,00 euros na aplicación 221.162000 destinada a formación do persoal

2. O Concello de Ribadeo comprométese tamén a ter dotados no seu orzamento anual, a través das aplicacións 23100 e 23020, o importe preciso para facer fronte ás indemnizacións para o persoal que precise desprazarse para realizar cursos de formación

3. Os traballadores municipais, para garantir o seu dereito e deber de formación recollido no convenio de persoal e acordo regulador, deberán realizar cando menos **un curso cada tres anos** que teña relación directa coas funcións e traballos que desempeña, para o que se levará un rexistro a través do departamento de persoal. Na autorización para a realización dos cursos teranse en conta as necesidades do servizo, de xeito que se irán concedendo por orde de solicitude, de xeito que non se produza menoscabo na prestación dos distintos servizos no caso de que teñan lugar en horario de traballo.

4. Para a realización dos cursos deberá darse prioridade a aqueles que se desenvolvan a través das diferentes administracións públicas nos seus plan de formación anual ou a través de organismos (sindicatos, etc.) que subscriban convenios con estas para formación de persoal. O concello proporcionará a través dos responsables de cada departamento información sobre estes cursos cando sexan convocados polas distintas administracións e entidades.

5. Soamente no caso de que se acredite de xeito suficiente a non existencia de cursos de natureza pública para unha determinada área ou materia, será posible a realización a través de organismos privados.

6. Para o caso de que o curso/actividade supoña un custo para o concello, e en aras de garantir a maior eficiencia nos recursos públicos asignados e a garantía de que estes abrangan ao maior número posible de persoal, fíxanse as seguintes regras:

a) Deberá solicitarse por escrito a través dos modelos normalizados elaborados ao efecto, xustificando a relación directa coas actividades a desempeñar, a inexistencia de formación gratuita de natureza pública ou privada sobre a materia e o custo total que suporá ao concello

b) Terán prioridade aqueles traballadores que non realizaran ningún curso oneroso nas tres anteriores anualidades, para o que se deberá levar un rexistro desta natureza a través do departamento de persoal

c) O importe a satisfacer polo concello non excederá nunca do 70% do importe da matrícula, ou en todo caso do importe de 400,00 euros por curso

d) O importe achegado polo concello no seu caso será aboado ao traballador a través da nómina do mes que corresponda, debendo xustificar no prazo de 5 días dende a realización da matrícula o aboamento completo desta, coa documentación oportuna.

7. Unha vez realizadas as actividades de formación, deberá procederse á xustificación da súa realización a través dos certificados expedidos pola entidade que realizou a actividade formativa. Se se solicitaron tamén indemnizacións asociadas ao curso, por terse realizado fóra do concello, deberán achegarse á súa vez os xustificantes oportunos de acordo co recollido no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

Ribadeo, 9 de marzo de 2020.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 0640

O VICEDO

*Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO**

Por resolución da Alcaldía de 9 de febreiro de 2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro de 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 9 de febreiro do 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0642

### VIVEIRO

#### Anuncio

Con data de 11 de marzo do 2020, por Resolución de Alcaldía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

<b>Tributo</b>	<b>Exercicio</b>	<b>Importe</b>
<b>Imposto sobre vehículos de tracción mecánica</b>	<b>2020</b>	<b>692.140,24,-€</b>

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

**Anuncios de cobranza :**

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

1. O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **01 de abril de 2020** ata o **01 de junio de 2020**, ambos inclusive.
2. Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 15 de decembro de 2017 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
3. Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 11 de marzo de 2020.- A Alcaldesa, Asdo: María Loureiro García.

R. 0657